

- redes, lazos (só para aves), cepos, trampas-cepo, velenos, cebos envelenados ou tranquilizantes.
  - ligas.
  - explosivos.
  - asfixia con gas ou fume.
  - béstas.
  - anzois (salvo para o exercicio da pesca).
- b) medios de transporte.
- aeronaves.
  - vehículos de motor.
  - barcos de motor (salvo para o exercicio da pesca).

## ANEXO VIII

### Xeodiversidade do territorio español

#### I. Unidades xeolóxicas máis representativas

1. Estruturas e formacións xeolóxicas singulares do Oróxeno Varisco no Macizo Ibérico.
2. Estruturas e formacións xeolóxicas singulares da base, unidades alóctonas e testo meso-cenozoica das cordilleiras alpinas.
3. Estruturas e formacións xeolóxicas singulares das bacías cenozoicas continentais e mariñas.
4. Sistemas volcánicos.
5. Depósitos, solos edáficos e formas de modelaxe singulares representativos da acción do clima actual e do pasado.
6. Depósitos e formas de modelaxe singulares de orixe fluvial e eólica.
7. Depósitos e formas de modelaxe costeiros e litorais.
8. Sistemas kársticos en carbonatos e evaporitas.

#### II. Contextos xeolóxicos de España de relevancia mundial

1. Rede fluvial, terreos de monte baixo e paisaxes apalachianas do Macizo Ibérico.
2. Costas baixas da península Ibérica.
3. Sistemas kársticos en carbonatos e evaporitas da península Ibérica e Baleares.
4. Series estratigráficas do Paleozoico inferior e medio do macizo Ibérico.
5. O carbonífero da cordilleira Cantábrica.
6. Series mesozoicas das cordilleiras Bética e Ibérica.
7. Fósiles e icnofósiles do Cretácico continental da península Ibérica.
8. Seccións estratigráficas do límite cretácico-terciario.
9. Bacías sinoroxénicas surpirenaicas.
10. Bacías terciarias continentais e xacigos de vertebrados asociados de Aragón e Cataluña.
11. Unidades olistostrómicas do antepaís bético.
12. Episodios evaporíticos messinienses (crise de salinidade mediterránea).
13. Xacigos de vertebrados do Plio-Plistoceno español.
14. Asociacións volcánicas ultrapotásicas neóxenas do sueste de España.
15. Edifícios e morfloxías volcánicas das Illas Canarias.
16. O Oróxeno Varisco ibérico.
17. Extensión miocena no dominio de Alborán.
18. Mineralizacións de mercurio da rexión de Almadén.
19. A faixa pirítica ibérica.
20. As mineralizacións de Pb-Zn e Fe do urgoniano da bacía vasco-cantábrica.

**21491** *LEI 43/2007, do 13 de decembro, de protección dos consumidores na contratación de bens con oferta de restitución do prezo. («BOE» 299, do 14-12-2007.)*

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

### PREÁMBULO

Ao longo da historia pasouse desde unha produción de autoconsumo, en que os individuos producían o necesario para a súa supervivencia, á produción da economía de mercado actual, en que se comercializa para un mercado impersoal e anónimo, guiado por motivacións económicas e estimulado pola publicidade e a competencia. En ocasións o consumidor emprega ou gasta un capital non só coa idea de satisfacer as súas necesidades ou desexos máis inmediatos, senón tamén co obxecto de adquirir bens cuxa utilidade radica na súa mera posesión e colección. Neste sentido, a realidade demostra que determinados bens, unitariamente ou formando parte dunha colección ou un conxunto, resultan particularmente atractivos para o dito fin e que, ademais, manifestan unha aptitude directa ou indirecta para a denominada xeración de valor ou mero depósito de valor fronte ao carácter naturalmente perecedeiro doutros bens consumibles.

As condicións de comercialización destes bens, entendendo por tal o seu alleamento mediante contratos translativos do dominio ou figuras que cumpran similar función económica, poden revestir as máis diversas modalidades e en tal sentido o lexislador veu deixando á libre vontade das partes o establecemento de calquera pacto ou condición que teña por conveniente, non constituíndo en principio a dita comercialización unha actividade que requirise de maior atención regulatoria, quedando suxeita, polo tanto, aos mecanismos de protección do consumidor deseñados pola normativa xeral reguladora da actividade económica.

Non obstante, cando a actividade de venda directa aos particulares dos ditos bens comporta un pacto de recompra destes, o consumidor, desde unha situación asimétrica respecto á información, tende a prestar pouca atención aos bens obxecto do contrato e ás condicións do vendedor, debilitándose a súa posición fronte a este último. Co obxecto de reforzar a posición do consumidor, ditouse a disposición adicional cuarta da Lei 35/2003, do 4 de novembro, de institucións de investimento colectivo, cuxa inclusión tivo por obxecto ou finalidade completar a regulación integral da comercialización e publicidade dos bens de que se trata, no sentido de asegurar que o consumidor recibe unha información precontractual ampla acerca dos bens, do seu proceso de valoración e da situación económica financeira do vendedor, que ten que facilitar, entre outra información, unha copia das súas contas auditadas. Así mesmo, estableceuse un réxime sancionador, que deben aplicar as autoridades de consumo, que pretende asegurar que a comercialización deste tipo de bens se realiza nas condicións informativas previstas.

A realidade evidenciou, non obstante, que o tráfico deste tipo de bens, baixo determinadas circunstancias, especialmente cando o pacto de recompra se acompaña dunha promesa ou compromiso de revalorización certo, fai que o consumidor atenda principalmente á promesa de revalorización, e non preste atención suficiente a elementos importantes como as garantías ofrecidas para avalar a mencionada promesa.

Por iso, resulta necesario complementar as actuais obrigas de información, previstas na disposición adicional mencionada e construír un marco completo de regulación, reforzando a protección da parte máis débil do contrato, o consumidor, mediante o outorgamento de garantías ao seu favor.

Esta lei componse de 8 artigos, ademais de dúas disposicións adicionais, unha disposición transitoria, unha disposición derogatoria e tres disposicións derradeiras.

O artigo 1 define o ámbito de aplicación, poñendo o acento en que constitúe a auténtica natureza da actividade mercantil: a comercialización de bens con oferta de recuperación do prezo e, na maior parte dos casos, con ofrecemento de revalorización. Aclara, non obstante, para maior seguranza que, en todo caso, se inclúen no ámbito de aplicación desta lei as actividades reguladas ata agora como comercialización de bens tanxibles.

Queda claro na norma que a actividade regulada non é financeira e abórdase a regulación das relacións xurídicas cos consumidores establecendo mecanismos de transparencia na información e garantías adicionais para a protección do consumidor.

Teñen consideración de consumidores e usuarios os definidos no artigo 1.2 e 3 da Lei xeral para a defensa dos consumidores e usuarios.

No artigo 2 regúlanse as comunicacións comerciais, prohibíndose que induzan o consumidor a confusión coas actividades de tipo financeiro, en particular mediante a utilización de expresións propias deste sector, tales como investimento, aforro, rendibilidade ou outras equivalentes. Exíxese que en todas as comunicacións comerciais se informe expresamente que os bens ou servizos a través dos cales se realice a actividade non teñen garantido ningún valor de mercado.

O artigo 3 aborda a regulación da información precontractual, sendo este aspecto un dos máis novos e necesarios. Exíxese que a información precontractual se preste por escrito ou en soporte de natureza duradeira que permita a constancia e conservación da información. A oferta contractual será vinculante para o empresario e deberá mantela durante quince días, durante os cales non se poderá celebrar o contrato.

Asegúraselle así un período de reflexión ao consumidor sobre as condicións contractuais que se lle ofrecen. Con carácter previo á contratación deberase informar o consumidor sobre as características esenciais dos bens ou servizos ofertados e se se fai entrega deles ao usuario ou, se é o caso, sobre o destino que se lles dá e sobre o responsable da súa custodia, xestión ou administración; o prezo completo, incluídos impostos, dos bens ou servizos a través dos cales se realice a actividade e, se é o caso, as revalorizacións que se ofrezan e os datos obxectivos en que se basee a información sobre posibles revalorizacións futuras e o prezo completo, incluído impostos, que cobre a empresa ou profesional polos seus servizos e forma de pagamento.

Débese informar, así mesmo, da forma e gastos da formalización do contrato e se estes van ser asumidos pola empresa ou profesional ou polo consumidor ou usuario e do carácter vinculante da oferta para a empresa ou profesional e o período de reflexión que a lei lle concede ao consumidor.

Tamén se deberá informar da obriga da empresa de constituír garantías previstas nela, así como de calquera outra ofrecida e do risco económico dos bens ou servizos comercializados.

O contrato regúlase no artigo 4, establecéndose que, en todo caso, se formalizará en escritura pública, debendo reflectir todos os compromisos adquiridos polas partes e os dereitos e obrigas destas en cada operación. Ademais, no artigo 5 exíxese que a empresa, na data de formalización do contrato, subscribise un seguro de caución, aval bancario ou calquera outra garantía individualizada que

lle asegure ao consumidor a contía do importe de restitución ofrecido.

No artigo 6 establécese a nulidade dos contratos asinados que contraveñan as disposicións da lei.

A proba, segundo o artigo 7, do cumprimento das obrigas previstas na lei corresponderalle ao empresario ou profesional.

O artigo 8 establece que no réxime de infraccións e sancións e na determinación da administración autonómica competente para o control, inspección e sanción se observará a lexislación xeral de consumo, estatal ou autonómica.

A disposición adicional primeira establece o prazo dun mes desde a publicación da lei para fixar os aranceis dos dereitos correspondentes á intervención dos notarios nos termos previstos nesta lei.

Na disposición transitoria única declárase a aplicación desta lei aos contratos cuxa renovación se produza tras a súa entrada en vigor.

A disposición derradeira primeira dispón que se dita ao abeiro do establecido no artigo 149.1.1.<sup>a</sup>, 6.<sup>a</sup>, 8.<sup>a</sup> e 13.<sup>a</sup> da Constitución, como título competencial. Engádese, por último, na disposición derradeira segunda, que lles corresponde ás comunidades autónomas, no seu respectivo ámbito territorial, aprobar as normas de desenvolvemento e execución desta lei.

#### Artigo 1. *Ámbito de aplicación.*

1. Esta lei é de aplicación ás relacións xurídicas cos consumidores e usuarios das persoas físicas ou xurídicas que, no exercicio dunha actividade empresarial ou profesional non regulada pola lexislación financeira, comercializan bens con oferta de restitución posterior, nun ou varios pagamentos, de todo ou parte do prezo pagado polo consumidor ou unha cantidade equivalente, con ou sen promesa de revalorización deste importe.

En particular, quedan sometidas ao ámbito de aplicación desta lei as relacións xurídicas cos consumidores e usuarios das persoas físicas ou xurídicas que, no exercicio dunha actividade empresarial ou profesional:

a) Comercializan bens mediante contratos de mandato de compra e venda de bens e outros contratos que permitan realizar esta actividade, percibindo o seu prezo de adquisición ou unha comisión e comprometéndose a allealos por conta do consumidor entregándolle a este, en varios ou nun único pagamento, o importe da súa venda ou unha cantidade para o suposto de que non encontre un terceiro adquirente dos bens na data pactada.

b) Comercializan bens mediante os contratos indicados no parágrafo anterior con ofrecemento de revalorización ou, se é o caso, con garantía de restitución do prezo de adquisición ou calquera outro importe.

2. Os bens a que se refire o punto anterior son selos, obras de arte, antigüidades, xoias, árbores, bosques naturais, animais, en todo caso e, así mesmo, aquel outros bens susceptibles de ser obxecto da actividade descrita no punto anterior.

3. Para os efectos desta lei, son consumidores ou usuarios as persoas físicas ou xurídicas que adquiren, utilizan ou desfrutan como destinatarios finais, bens mobles ou inmobles, produtos, servizos, actividades ou funcións, calquera que sexa a natureza pública ou privada, individual ou colectiva de quen os produce, facilita, subministra ou expide.

Non terán a consideración de consumidores ou usuarios os que sen se constituír en destinatarios finais, adquiren, almacenen, utilicen ou consuman bens ou servizos, co fin de os integrar en procesos de produción, transformación, comercialización ou prestación a terceiros.

4. O disposto nesta lei seralles de aplicación aos empresarios ou profesionais que operen mediante esta-

blecemento permanente situado en territorio español ou establecidos en España, así como aos empresarios ou profesionais establecidos noutro Estado, cando o consumidor con que se establece a relación estea domiciliado en España.

#### Artigo 2. *Comunicacións comerciais.*

1. As comunicacións comerciais, incluída a publicidade e a información precontractual, ademais dos requisitos exixidos na lexislación vixente, en particular en relación coa veracidade e as comunicacións comerciais desleais, non deberán inducir a confusión ao consumidor coas actividades de tipo financeiro, evitando a utilización de expresións propias deste sector, tales como investimento, aforro, rendibilidade, xuros ou equivalentes.

2. En todas as comunicacións comerciais informárase expresamente, de forma clara e destacada, de que os bens a través dos cales se realice a actividade non teñen garantido ningún valor de mercado, así como, cando proceda, informárase, de igual xeito, do ofrecemento de revalorización ou da garantía de restitución.

#### Artigo 3. *Información precontractual.*

1. As empresas e profesionais deben pór á disposición dos consumidores e usuarios, de forma comprensible, a información relevante, veraz e suficiente sobre as características esenciais do contrato, en particular sobre as condicións xurídicas e económicas dos bens obxecto deste. Entre outras, prestarase información sobre:

a) Nome, razón social, domicilio completo e código de identificación fiscal ou número de identificación fiscal do responsable da oferta contractual.

b) Identificación individualizada e características esenciais dos bens ofertados e se se fai entrega deles ao usuario ou, se é o caso, o destino que se lles dá e o responsable da súa custodia, xestión ou administración.

c) Importe total do contrato, incluíndo impostos, e analizando de forma diferenciada os seguintes conceptos:

Prezo do ben.

Prezo completo que cobra a empresa ou profesional polos seus servizos e forma de pagamento.

Gastos de custodia, cando proceda.

Calquera outro gasto que repercuta no consumidor ou usuario.

Custos adicionais por servizos, accesorios, financiamento ou outras condicións de pagamento similares.

d) O importe da oferta de restitución e, se é o caso, o compromiso de revalorización.

e) A obriga de elevar o contrato a escritura pública e indicación de que os gastos de outorgamento de escritura serán por conta da empresa ou profesional e os da primeira copia por conta do consumidor.

f) A obriga da empresa de constituír as garantías previstas no artigo 5 e a contía do importe garantido.

g) O carácter vinculante da oferta para a empresa ou profesional, a obriga de manter esta durante 15 días durante os cales se prohibe a celebración do contrato e a prohibición de percibir calquera anticipo do consumidor durante o dito período, tal e como se dispón no número 2.

h) Duración total do contrato e datas das obrigas asumidas polas partes.

i) Garantías adicionais ofrecidas e risco económico dos bens comercializados.

j) Lingua ou linguas en que se poderá formalizar o contrato, cando esta non sexa a lingua en que se lle ofrece a información previa á contratación.

k) Lexislación e tratamento tributario aplicable ao contrato.

l) Disposicións relativas ás reclamacións que se podan formular.

2. A oferta contractual a que se refire o punto anterior, de carácter vinculante para a empresa ou profesional, deberase manter durante, polo menos, quince días naturais, durante os cales non se poderá celebrar o contrato nin se poderá anticipar ningunha cantidade.

3. A información prevista no punto anterior prestarase de forma gratuíta, por escrito ou en calquera soporte de natureza duradeira que permita a constancia, conservación, reprodución e acceso da información, e da data de recepción desta polo destinatario, garantindo, nos termos exixidos legal ou regulamentariamente, a accesibilidade das persoas con discapacidade.

#### Artigo 4. *Contrato.*

1. As estipulacións contractuais deberán reflectir fielmente os dereitos e obrigas das partes en relación co disposto nesta lei e calquera outra disposición de carácter imperativo que resulte de aplicación e, en particular, o contido da oferta vinculante, garantindo, nos termos exixidos legal ou regulamentariamente, a accesibilidade das persoas con discapacidade.

2. Os contratos formalizaranse en escritura pública que reflectirá, de forma clara e explícita, nun só contrato que inclúa todas as operacións mercantís:

a) Todos os compromisos adquiridos polas partes.

b) Os dereitos e obrigas das partes en cada operación, incluíndo todos os elementos necesarios que determinen as condicións do contrato.

c) As causas de nulidade conforme o artigo 6 da lei.

d) Indicación expresa de que os bens a través dos cales se realice a actividade non teñen garantido ningún valor de mercado.

3. Os gastos de outorgamento de escritura e os de escrituras de modificación, aclaración, emenda e rectificación correrán por conta da empresa ou profesional, os da primeira copia por conta do consumidor e os de copias sucesivas por conta de quen as solicite. En calquera caso o consumidor disporá de cinco días previos á sinatura para consultar os termos da escritura, incluída a constitución do aval ou garantía análoga.

4. O notario autorizante deberá dar fe dos requisitos de validez do contrato, do cumprimento do disposto no artigo 3 desta lei, e da data da recepción polo consumidor da oferta contractual. O notario autorizante deberá incorporar á escritura pública testemuño da constitución das garantías previstas no artigo seguinte, quedando constancia documental destas na escritura pública. En todo caso, deberáselle entregar ao cliente un exemplar do contrato debidamente datado e asinado.

#### Artigo 5. *Garantías.*

Con carácter previo á formalización do contrato, a empresa deberá subscribir cunha entidade habilitada para iso, un seguro de caución, aval bancario ou calquera outra garantía prestada por bancos, caixas de aforro, cooperativas de crédito ou outros establecementos financeiros de crédito que lle asegure individualmente ao consumidor a contía do importe de restitución ofrecido, debéndoselle entregar copia da póliza ou xustificante da garantía ao consumidor.

Estas garantías deberanse manter durante toda a vixencia do contrato. No caso contrario, calquera que fose a causa alegada pola empresa ou profesional, o consumidor estará lexitimado para instar a acción de nulidade prevista no artigo seguinte.

#### Artigo 6. *Nulidade dos contratos.*

Os contratos celebrados contravindo calquera das disposicións desta lei, incluídas as relativas ás comunica-

cións comerciais e información precontractual obrigatoria, serán nulos, e están lexitimados o consumidor para o exercicio desta acción individual de nulidade e as entidades a que se refire o artigo 11 da Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de axuízamento civil. Esta acción enténdese sen prexuízo das accións de cesación previstas no artigo 10 ter da Lei 26/1984, do 19 xullo, xeral para a defensa dos consumidores e usuarios.

#### Artigo 7. *Proba.*

Correspóndelle á empresa ou profesional a proba do cumprimento das obrigas previstas nesta lei.

#### Artigo 8. *Infraccións e sancións.*

1. Constitúen infraccións moi graves en materia de protección dos consumidores e usuarios o incumprimento das obrigas impostas nos artigos 2, 3, 4 e 5 desta lei.

2. Constitúe infracción grave a comisión dunha infracción leve se durante os cinco anos anteriores á súa comisión lle fose imposta ao infractor unha sanción polo mesmo tipo de infracción. O prazo indicado comezase a computar desde o momento en que se esgote a vía administrativa relativa ao procedemento sancionador respectivo.

3. Constitúe infracción leve o incumprimento das obrigas relativas ás comunicacións comerciais e información precontractual establecidas nos artigos 2 e 3, sempre que se trate de simples irregularidades na observancia destas que se leven a cabo con carácter meramente ocasional ou illado.

4. As infraccións tipificadas nos números anteriores serán sancionadas polas autoridades competentes en materia de protección dos consumidores e usuarios conforme o previsto na lexislación autonómica que resulte de aplicación. Para a determinación da Administración pública competente observárase o disposto no artigo 32 da Lei xeral para a defensa dos consumidores e usuarios e na lexislación autonómica que resulte de aplicación.

5. O disposto nos números precedentes enténdese sen prexuízo da lexislación estatal, ou autonómica de carácter contable, fiscal e, se é o caso, económica, a que estean sometidas as empresas incluídas no ámbito de aplicación desta lei.

#### Disposición adicional primeira. *Aranceis notariais.*

O Goberno aprobará no prazo dun mes desde a publicación desta lei os aranceis dos dereitos correspondentes á intervención dos notarios nos termos previstos nesta lei.

#### Disposición adicional segunda. *Medidas adicionais de apoio.*

1. O Goberno presentará, no prazo dun mes desde a entrada en vigor da lei, un informe que conteña o balance das medidas adoptadas polo Goberno ata a entrada en vigor desta lei en relación ao mandato aprobado polo Congreso dos Deputados, na súa sesión do día 25 de maio de 2006, en defensa dos afectados polos procesos concursais das entidades Fórum Filatélico e Afinsa.

2. O Goberno, no prazo dun mes desde a entrada en vigor da lei, presentará un plan de traballo en que se analicen medidas adicionais de apoio aos afectados pola declaración de concurso das empresas Fórum Filatélico e Afinsa Bienes Tangibles. En particular, mediante unha mellora da liña ICO de anticipos á conta aprobada polo Acordo do Consello de Ministros do 27 de abril de 2007, que amplíe do 15 ao 17,5 por cento e de 3.000 a 6.000 euros os límites previstos no deseño actual da liña.

Para aqueles colectivos en situación de especial dificultade económica os límites anteriores poderanse

ampliar ata o 40 por cento da cantidade recoñecida no concurso cun límite máximo de ata 15.000 euros. Para determinar a situación de especial necesidade económica atenderase á concorrencia dos seguintes factores, que se deberán considerar acumulativamente:

a) Estar en situación de desemprego, xubilación ou discapacidade ou ser perceptor de prestacións económicas do sistema de Seguridade Social inferiores no seu conxunto ao salario mínimo interprofesional.

b) Ser titular de bens e dereitos cun valor, determinado conforme as regras de valoración da Lei 19/1991, do 6 de xuño, do imposto sobre o patrimonio, inferior á contía fixada como mínimo exento no artigo 28.2 da citada lei. Para calcular esta contía non se computarán os dereitos recoñecidos nos procesos concursais das entidades citadas.

c) Ser perceptor, para os efectos do imposto sobre a renda das persoas físicas, de rendas brutas non superiores a 22.000 euros.

d) Estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

3. O Goberno, no prazo de seis meses, elaborará un estudo en que se analicen o impacto das medidas previstas no número anterior e as posibles alternativas que coaduxen á devolución máxima posible aos afectados pola declaración de concurso das entidades Fórum Filatélico e Afinsa, nos exercicios económicos correspondentes entre os anos 2008 e 2011, colaborando coa administración concursal para facilitar unha solución ordenada ao proceso concursal das empresas afectadas, a custo cero para o Estado. Para estes efectos, o Estado poderá admitir en adxudicación en pagamento das cantidades que lle puidesen corresponder como créditos concursais, bens mobles cuxa liquidación puidese resultar complexa e dilatada no tempo.

#### Disposición transitoria única. *Período transitorio.*

1. Esta lei será de aplicación aos contratos cuxa renovación expresa ou tácita se produza tras a súa entrada en vigor.

2. Os contratos de duración superior a dez anos que no momento da entrada en vigor desta lei teñan un prazo de vixencia superior a cinco anos deberanse adaptar ao disposto no artigo 5 no prazo máximo de tres anos desde a súa entrada en vigor, agás que as partes no dito prazo, de común acordo, opten por resolver o contrato e, se é o caso, negociar un novo noutras condicións. Á falta de acordo das partes sobre a distribución dos gastos de constitución das garantías previstas no artigo 5, estes distribuiranse pola metade.

3. O disposto nos números precedentes non será de aplicación aos contratos de empresas que estean incursoas en procedementos concursais.

#### Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Derróganse as disposicións adicionais cuarta e quinta da Lei 35/2003, do 4 de novembro, de institucións de investimento colectivo.

#### Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

1. Esta lei dítase ao abeiro do establecido no artigo 149.1.1.<sup>a</sup>, 6.<sup>a</sup>, 8.<sup>a</sup> e 13.<sup>a</sup> da Constitución española.

2. Correspóndelles ás comunidades autónomas, no seu respectivo ámbito territorial, aprobar as normas de desenvolvemento e execución desta lei.

Disposición derradeira segunda. *Réxime supletorio.*

No non previsto nesta lei aplicárase a lexislación de protección dos dereitos dos consumidores e usuarios.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,

Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumbran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 13 de decembro de 2007.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,  
JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO

**21492** *LEI 44/2007, do 13 de decembro, para a regulación do réxime das empresas de inserción. («BOE» 299, do 14-12-2007.)*

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

## PREÁMBULO

### I

Os principios que inspiran esta lei fundaméntanse no mandato da Constitución española que, no punto 2 do seu artigo 9, ordena aos poderes públicos facilitar a participación de todos os cidadáns na vida política, económica, cultural e social do noso país, o que motiva o lexislador para que recolla a necesidade de establecer canles axeitadas que faciliten tal participación, especialmente a daquelas persoas que por circunstancias diversas estean en situacións de dificultade e exclusión social.

Por outra parte, estas persoas particularmente desfavorecidas, en situacións de marxinación ou de exclusión, atopan especiais dificultades para acceder ao mercado de traballo, debido ás súas carencias sociais, económicas, educativas e de cualificación laboral, co que o exercicio dun traballo, dereito e deber de todo cidadán consagrado no artigo 35 da Constitución, presenta para elas numerosos problemas debido á desmotivación persoal, ao descoñecemento ou abandono dos hábitos sociais e laborais básicos, así como á carencia de niveis educativos mínimos e á falta de adaptación profesional.

As transformacións que están experimentando a economía, a sociedade, os continuos avances tecnolóxicos e os cambios nos hábitos laborais e nos sistemas de organización de traballo, xunto coa perda de lazos sociais e familiares, configuran algunhas das múltiples causas da exclusión social.

A relación co mundo do emprego é referente obrigado á hora de abordar os procesos de integración social. A poboación en idade laboral atopa no emprego non só unha fonte de ingresos, senón tamén a orixe de toda unha rede de relacións sociais que facilitan a integración.

Un trazo común a case todas as situacións de exclusión social é a dificultade para participar nos mecanismos habituais de formación e inserción laboral. Por iso é esencial involucrar na loita contra a exclusión social as dife-

rentes administracións públicas, dentro dos seus ámbitos de competencias e medios, a través de accións de integración encamiñadas a potenciar a plena participación dos colectivos afectados por esta situación.

A eficacia das políticas dos poderes públicos destinadas a promover o emprego e a loita contra a exclusión social dependerá da capacidade que estes teñan para dar resposta ás devanditas situacións e para se implicar nas correspondentes solucións. Este modelo de política social baséase fundamentalmente na incorporación de novas formas de organización.

No ámbito comunitario cabe resaltar que un dos tres obxectivos globais da estratexia europea de emprego (EEE) é consolidar a inclusión social, previr a exclusión do mercado laboral e apoiar a integración no emprego das persoas desfavorecidas. As directrices integradas establecidas baixo as tres prioridades da EEE (oferta de man de obra, adaptabilidade, capital humano) prestan unha considerable atención á promoción dun mercado laboral inclusivo.

Neste sentido, a Comunicación da Comisión Europea de 2005 sobre a Axenda Social na Unión Europea anunciou a proposición por parte da Comisión Europea dun Ano Europeo (2010) da loita contra a pobreza e a exclusión social. Ese ano servirá para medir os progresos logrados durante a década e para poñer de manifesto a especial vulnerabilidade dos grupos de poboación con maiores dificultades.

### II

Como novos modelos de actuación nesta materia atópanse as empresas de inserción, que constitúen unha tipoloxía especial dentro das empresas de carácter social e confirman que o emprego é e será para os máis desfavorecidos e excluídos un dos principais vectores de inserción social e unha forma de participación na actividade da sociedade.

As iniciativas desenvolvidas polas empresas de inserción neste campo no Estado foron numerosas nos últimos anos e supuxeron o apoio continuo ás persoas máis desfavorecidas na sociedade que participan nelas; están ligadas ao territorio e ás necesidades de traballo na zona, buscan espazos no mundo laboral e crean postos de traballo.

Son iniciativas que, mediante a actividade empresarial, acompañadas de actuacións sociais e de inserción social, fan posible a inclusión sociolaboral de persoas excluídas para a súa posterior colocación en empresas convencionais ou en proxectos de autoemprego.

As metodoloxías que se desenvolven durante un itinerario de inserción, dentro do cal se leva a cabo a actividade laboral na empresa de inserción, teñen como obxectivo potenciar as capacidades das persoas a través dos coñecementos técnicos, habituación sociolaboral e determinación de prioridades axeitadas ás súas posibilidades e ás do mercado laboral.

Trátase de regular as empresas de inserción co obxectivo de servir como un instrumento máis á inserción dos sectores excluídos da sociedade, articulándose neste caso tal inserción a través dunha prestación laboral na empresa de inserción que permita a transición da persoa en situación de exclusión social ao emprego ordinario.

Por todo iso, considérase necesario establecer a nivel nacional un marco legal para as empresas de inserción tal e como se determina no Programa nacional de reformas do Reino de España e no IV Plan nacional de acción para a inclusión social 2006-2008, que propicie e promova o emprego de persoas en situación de exclusión para a súa incorporación ao mercado de traballo.

Neste sentido, a disposición derradeira quinta da Lei 43/2006, do 29 de decembro, para a mellora do crecemento e do emprego, incorpora o mandato de aprobar